



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 2 PEÓNS FORESTAIS, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2018 (APROL RURAL 2019)

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en aplicación da Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019.

Nº postos e Ocupación: 2 PEÓNS FORESTAIS

Servizo: **“TAREFAS DE ROZA E LIMPEZA DE MONTES PARA PREVENCIÓN DE INCENDIOS”**

Duración contratación: 9 meses, sendo o 15 de maio de 2019 a data última de contratación, segundo a resolución para a concesión de subvención de data o 15 de abril de 2019.

A selección do traballador será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso.

2.- MODALIDADE DE CONTRATO

A modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15 da orde do 12 de decembro de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detallase seguidamente:

Ocupación: PEÓNS FORESTAIS, Grupo de Cotización 10.

Servizo: **“TAREFAS DE ROZA E LIMPEZA DE MONTES PARA PREVENCIÓN DE INCENDIOS”**

Xornada: Completa (100%)

Retribucións: 1.176,29 € brutos/ mes. Incluída a prorrata da paga extra.

3.- NORMATIVA APLICABLE

As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido:

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 30 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar desempregado/a e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.
- b) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- e) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- f) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- g) Non haber sido contratados/as por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2018 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
- h) Posuír o carné de conducir B.

Os requisitos previstos estarán na data de remate da presentación de instancias e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A.- Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:

Para o procedemento selectivo serán de aplicación os artigos 14 e 15 da Orde do 12 de decembro de 2018.

Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados/as inscritos/as na Oficina de Emprego de Monforte de Lemos, a través da que se formulará a correspondente oferta.

O Concello de Ribas de Sil solicitará os/as candidatos/as que se necesitan para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os candidatos /as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado.

Só serán admitidos e poderán presentarse a este proceso selectivo os candidatos/as que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outro/a candidato/a que non figure no citado listado.

B.- Sistema de selección de candidatos/as:

O Concello de Ribas de Sil contactará con todos os candidatos/as que figuren no devandito listado.

Ós/ás aspirantes que desexen participar no proceso de selección, terán que cubrir unha instancia e aportar a documentación oportuna para que o Tribunal cualificador poida proceder á valoración de méritos, así como realizar unha entrevista persoal.



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

Os aspirantes deberán presentar nas dependencias municipais, previamente ou no momento da entrevista persoal, a seguinte documentación:

1. Solicitude de participación (anexo I) debidamente cumprimentada.
2. Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
3. Copia compulsada do carné de conducir B.
4. **Certificado médico oficial que acredite que reúne a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas habituais do posto convocado.**
5. Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
6. Copia da documentación acreditativa dos méritos que desexen alegar os aspirantes. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.
7. Aqueles aspectos sociais, que estime o candidato susceptibles de ser valorados polo tribunal de selección, terán que ser acreditados polo un informe de servizos sociais do Concello de Ribas de Sil.
8. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público (Anexo II).
9. Declaración xurada na que se manifesta que non foi contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2018 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas (Anexo III).

C) Desenvolvemento das probas:

a) Valoración de méritos:

Polo tribunal cualificador examínase toda a documentación aportada pol@s aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos deberán posuírse e acreditarse á data en que remate o prazo de presentación de instancias. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas. A puntuación máxima desta fase non excederá de **16 puntos**.

A hora de valorar os méritos, darase preferencia aos criterios expresados na devandita Orde (artigo 14.5), aspectos que son valorados do seguinte xeito:

- Mulleres: 1 punto - Aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero: 1 punto adicional.
- Menores de 30 anos: 1 punto – Aqueles que sexan persoas demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional: 1 punto adicional.
- Condición de parado de longa duración: entenderase por parado de longa duración a persoa que estivo inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante polo menos 12 meses. (Non se considerará interrompida a inscrición por traballo inferior a 90 días nos 365 días anteriores): 2 puntos.



CONCELLO

DE

RIBAS DE SIL

(LUGO)

- Persoas con discapacidade: 2 puntos.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 2 puntos.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 2 puntos.
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 2 puntos.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias (1 punto), así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidades, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento (1 punto).

b) Entrevista persoal:

A entrevista valorarase cunha puntuación máxima de **6 puntos** e realizárase o día **13 de maio de 2019 a partir das 11:00 h na Casa Consistorial**.

Na entrevista persoal, se valoraran diferentes aspectos relacionados coas aptitudes e actitudes dos/as candidatos/as, tendo en conta as funcións a desempeñar no posto de traballo, e entre outros aspectos, a disposición para o traballo, a dispoñibilidade horaria, responsabilidade mostrada, autonomía individual do candidato, e aqueles outros extremos que se recollan na orde que regula este programa.

7.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN

O tribunal cualificador do concurso estará constituído segundo o disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, do 12 de abril).

8.- RESOLUCIÓN

O Tribunal emitirá a correspondente acta proponendo a proposta de nomeamento aos 2 candidat@s, quedando os/as demais en reserva por orde de puntuación por se se dese algunha renuncia.

A resolución dos procesos de selección e dos nomeamentos farase polo presidente da corporación municipal, a proposta do tribunal cualificador.

9.- INCIDENCIAS

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, se ben con carácter potestativo poderase interpor, ante o mesmo órgano que ditou este acto, recurso de reposición no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da referida publicación, sen poder simultanear ambos. Aínda que tamén se poderá utilizar calquera outro recurso ou acción que se estime pertinente.

Ribas de Sil,

O Alcalde-Presidente,

Asdo. Miguel Ángel Sotuela Vega



CONCELLO
DE
RIBAS DE SIL
(LUGO)
